



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

**1. Segundo o artigo 35 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en:**

- A) Servizo especial na súa categoría de orixe.
- B) Servizo especial na súa categoría de destino.
- C) Servizo activo na súa categoría de orixe.
- D) Servizo baixo outro réxime xurídico.

**2. O artigo 3 da Lei Xeral de Sanidade establece que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente a:**

- A) A promoción do benestar social.
- B) A promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) A tutela das garantías e dereitos sanitarios.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**3. O dereito á protección da saúde aparece recollido na Constitución Española como:**

- A) Un dereito recollido no Título III.
- B) Un dereito fundamental.
- C) Un principio reitor da política social e económica.
- D) Unha lei con rango de orgánica.

**4. Segundo o artigo 10 da Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica, o documento de consentimento informado deberá de conter os seguintes datos mínimos:**

- A) Declaración do paciente de que coñece que, o consentimento informado pode ser revogado en calquera momento, con expresión da causa da revogación.
- B) Identificación do centro.
- C) Sinaturas do médico, do persoal de enfermería e do paciente.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

**5. Segundo o artigo 9 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, cal das seguintes funcións lle corresponde á Inspección de Traballo e Seguridade Social?**

- A) Informar á autoridade laboral de todos os accidentes de traballo e enfermidades profesionais dos que teña coñecemento.
- B) Comprobar e favorecer o cumprimento das obrigacións asumidas polos servizos de prevención establecidos pola Lei 31/1995.
- C) Elaborar os informes solicitados por calquera órgano xudicial relativos ás demandas deducidas ante estes.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**6. De conformidade coa Lei 55/2003, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal dos seguintes complementos está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns dos postos de traballo?**

- A) Complemento de produtividade.
- B) Complemento de destino.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento de carreira.

**7. Segundo o artigo 9 do Decreto 206/2005, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, cando deben cumprir os aspirantes nun proceso selectivo as condicións para a súa participación no mesmo?**

- A) O día en que se publique a convocatoria.
- B) O día en que finalice o prazo de presentación de instancias.
- C) O día en que presenten a solicitude.
- D) O día en que se aprobe a convocatoria.

**8. Consonte o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos galegos son os establecidos en:**

- A) O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- B) A Constitución.
- C) As Leis.
- D) A Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

**9. A Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, define entre os principios xerais da acción preventiva a aplicar no traballo:**

- A) Avaliar os riscos que se poidan evitar.
- B) Dar as debidas instrucións aos traballadores.
- C) Combater os riscos no seu destino.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**10. De acordo coa Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios son:**

- A) Áreas de saúde.
- B) Distritos sanitarios.
- C) Zonas sanitarias.
- D) Localidades sanitarias.

#### Preguntas de reserva

**1. A teor da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, entre as medidas no ámbito sanitario e psicolóxico NON figura:**

- A) Dereito á atención sanitaria.
- B) Atención psicolóxica.
- C) Protocolo de actuación.
- D) Atención xurídica.

**2. A Lei Xeral de Sanidade, no seu artigo 7, enumera os principios aos que os servizos sanitarios adecuarán a súa organización e funcionamento. Sinala cal dos seguintes NON figura na devandita enumeración:**

- A) Economía.
- B) Flexibilidade.
- C) Celeridade.
- D) Coordinación.